

DEREITOS DE AUTOR

CUESTIÓNS BÁSICAS

1

QUE SON?

Son un conxunto de principios e normas que se conceden ao autor polo mero feito de crear unha obra, publicada ou non. É o que se coñece como propiedade intelectual e está integrada por dereitos de carácter persoal (morais) e patrimonial.

2

DEREITOS MORAIS

Inclúen o dereito ao recoñecemento da autoría e dereito á integridade da obra. Son **irrenunciables** e **intransferibles**

3

DEREITOS PATRIMONIAIS OU DE EXPLOTACIÓN DA OBRA

son os dereitos do autor de ter un beneficio económico sobre a súa obra. Pódense ceder a terceiros e teñen un período de vixencia temporal, xeralmente calculado a partir da morte do autor, tras o cal pasan a ser obras de **dominio público**.

4

CESIÓN DE DEREITOS

Os dereitos de explotación ou patrimoniais son **transferibles** e pódense ceder a terceiros. Esta cesión pode facerse a editores ou a usuarios e de maneira exclusiva ou non.

DEREITOS DE AUTOR

CUESTIÓNS BÁSICAS

5

CESIÓN A EDITORES

A cesión a editores implica a **transferencia do copyright** coa firma dun contrato ou dunha licenza entre as partes, na que se especificará as contrapartidas, tempo de vixencia, territorio, etc

Esta cesión poderase realizar de maneira **exclusiva** de forma que a transmisión de dereitos terá unha vixencia igual á dos dereitos patrimoniais (estes varían segundo a lexislación de propiedade intelectual vixente en cada país) e na que o editor obtén os dereitos de explotación completos desa obra.

Se a cesión é “**non exclusiva**” fálase de licenzas nas que se establecen as condicións de explotación da obra entre o autor e o editor.

En caso de asinar un contrato no que se perde os dereitos de explotación pódese solicitar unha **adenda** á editorial.

6

CESIÓN A LECTORES

A cesión a usuarios ou lectores realízase mediante as licenzas de uso nas cales o autor indica que dereitos se reserva e cales cede. As máis coñecidas e utilizadas son as licenzas **Creative Commons**, aínda que o autor sempre pode establecer a licenza nos seus propios termos (indicando en todo caso que dereitos se reserva, vixencia temporal e o ámbito xeográfico se corresponde).

Descubre [aquí](#) qué licencia aplicar

NORMATIVA

- Real Decreto Legislativo 1/1996 de 12 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Propiedad Intelectual, regularizando, aclarando y armonizando las disposiciones legales vigentes sobre la materia.
- La Ley 21/2014 de 4 de noviembre por la que se modifica la ley de Propiedad Intelectual de 12 de abril y la ley 1/2000 de 7 de enero, de Enjuiciamiento Civil.
- Directivas Comunitarias sobre la materia, especialmente la **Directiva 2001/29/CE** sobre derechos de autor y derechos afines en la sociedad de la información.